



### Descrición do percorrido.

De Santa Mariña de Augas Santas a Allariz

Santa Mariña de Augas Santas é un lugar especial, sorprendente polo moito que ten que ofrecernos: vestixios de diferentes épocas que nos falan dun pasado no que se mestura historia, tradición e lenda. Foi declarado conxunto histórico-artístico no ano 1963, e forma parte do percorrido da Vía da Prata ao séu paso polo concello de Allariz.

Comezamos a ruta na pintoresca aldea de Santa Mariña, na que poderemos ollar a impresionante igrexa románica, con magníficos rosetóns. No séu interior atópase o mausoleo no cal, segundo a tradición, descansa o corpo de Santa Mariña. A beira da igrexa está o pazo de verán do Bispo, a capela de Santo Tomé e a fonte da Santa, de 3 canos, de onde emana auga milagreira.

Continuamos entre carballos centenarios, por un sendeiro de pedra no que chaman a atención uns buratos ou cazoletas que servían para recoller o sangue dos sacrificios, típicos dos asentamentos celtas. Este camiño levaranos ata o asento da Santa e aos restos da inacabada Basílica da Asunción, debaixo da cal atópase unha cripta chamada o forno da Santa.

Veremos deseguido un enorme bolo granítico coñecido como o Penedo da Moura para acadar un pouco mais adiante a Cibda de Armeá, xacemento galaico-romano dos seculos IV e II a. e. (antes da nosa era), se ben estuvo habitado ata o s.IV, xa romanizado. Nas diferentes intervencións levadas a cabo, atopáronse varias casas romanas, rúas con pavimento, canalizacións de sumidoiros, pedras labradas en forma de rosetas e outros moitos elementos.

Preto de Armeá está tamen o xacemento do Monte do Señorío, que ben podería ser unha vila romana ou ben un santuario castrexo.

Continuamos a andaina por pequenas aldeas, destacando a de Vilar de Flores, que conta cun bonito Santuario, xunto ao cal rodouse unha parte da película "A lingua das bolboretas", baseada no libro de relatos de Manuel Rivas "Que me queres amor".

Chegaremos ata o río Arnoia, que cruzaremos para ollar a área recreativa O Rexo, un eco-espazo resultante da intervención pictórica e escultórica do artista vasco Agustin Ibarrola. Xa dende alí, seguindo o curso do Arnoia, remataremos a ruta na fermosa vila de Allariz.

Distancia: 15,7 kms.



CODIGO ACTIVIDAD: [71200430](#)

**Teléfono: 981 213115**  
**Correo: [artabros@artabros.org](mailto:artabros@artabros.org)**